



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de xaneiro de 2017
Duración	Desde as 19:35 ata as 22:30 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Regina Polín Rodríguez
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
79324942N	Juan Antonio Rey Rivas (interventor)	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior ordinaria de data 1-12-2016 e da sesión extraordinaria e urxente de data 30-12-2016

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sométese a votación a aprobación da acta da sesión anterior ordinaria de data 1-12-2016 e da sesión extraordinaria e urxente de data 30-12-2016.

A Sra. Alcaldesa pregunta se algún concelleiro ten algunha observación a ditas actas que se someten a aprobación.

O concelleiro non adscrito di que quixera facer unha observación da páxina 7 do acta da sesión ordinaria do 1 de decembro de 2016. Na devandita páxina falta unha frase realizada pola Sra. Alcaldesa na súa intervención de peche, cando tratábase a aprobación do Plan Económico-Financeiro 2016-2017. Que quede claro que non culpo por iso ao Sr. Secretario que bastante fai con transcribir o máis literalmente as nosas palabras e a complexidade do seu labor, pero isto é un dos exemplos porque se deben gravar os plenos, como tamén lle ocorreu ao portavoz do BNG, o cal realizou unhas observacións da acta do 29 de setembro porque non se recollían todas as súas palabras na súa intervención no punto relativo á modificación da RPT. Esta observación se perfectamente que non vai chegar a ningún lado, pero si polo menos téñase constancia desta aclaración polo menos para a seguinte acta da sesión na que nos atopamos. Por resumir, na miña intervención realizada no punto para a aprobación do Plan Económico-Financeiro 2016-2017 fixen unha exposición na que a Regra de Gasto cumpriuse, e por tanto todos os indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios, así como remanentes de caixa. E queixábame desas cartas coercitivas enviadas pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro cando se cumpriu todos os parámetros esixidos pola Lei 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. No meu alegato final queixábame da actuación tanto da administración central como autonómica, xa que son moi escrupulosos coa regra de gasto cos concellos que si cumpren e non cos que non cumpren, precisamente en maior contía que son as grandes capitais ou as administracións autonómicas. E que a lei realiza unha asfixia económica financeira para os concellos que si cumpren cos deberes impostos. Pois ben, para unha vez que estamos de acordo a Sra. Alcaldesa e un servidor, non quedou reflectido no acta, xa que na súa intervención de peche falta a frase: "estou totalmente de acordo

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

coas palabras de Jordi”, con iso entendo non só coas miñas palabras senón coa miña posición e a miña queixa. Para min non é unha cuestión baladí, xa que demostra o posicionamento de cada un de nós ante os lexisladores en canto ao financiamento municipal e as políticas de gasto da administración local. Que despois se lles enche a moitos a boca en épocas electorais de como debe ser o modelo de municipalismo e o seu financiamento, e onde deben definirse tamén é nos plenos, pero a experiencia demostra que para algúns é mellor non mollarse e esperar ás batallas electorais para definirse.

Sometidas as dúas actas a votación son aprobadas por unanimidade.

APROBACION DAS DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expediente 1082/2016.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de alcaldía ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 23/01/2017 é a seguinte:

"O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un “plan normativo” que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte.

Por acordo plenario de data 30/12/2016 aprobouse o “Plan normativo municipal para o ano 2017” que contén todos os regulamentos e ordenanzas de nova creación e os que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2017 para adaptalos aos requirimentos da nova Lei de procedemento administrativo e da normativa sectorial específica de aplicación en cada caso, que foi publicado na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos para o seu xeral coñecemento.

Vista a necesidade de establecer unhas directrices sobre como se ten realizar esta nova fase de consulta pública previa no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos municipais, e a conveniencia de que sexan aprobadas polo da Corporación como órgano competente para a aprobación das disposicións normativas municipais, e posteriormente publicadas para o seu coñecemento polos veciños/as de Guitiriz.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 12/12/2016, e a conformidade de secretaría de data 18/01/2017 as directrices redactadas que se someten a consideración plenaria.

Propoño ao Pleno da Corporación, pleno ditame da Comisión Informativa de Asuntos

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes directrices sobre como realizar a consulta pública previa no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos municipais engadidos no Plan Normativo municipal para o ano 2017, para dar cumprimento aos cambios normativos operados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

“DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDUREMTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

1. Obxecto.
2. Ámbito de aplicación.
3. Competencia.
4. Contido da consulta pública previa.
5. Prazo e destinatarios.
6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.
7. Desenvolvemento da consulta pública previa.
8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.
9. Publicación e entrada en vigor.

1. Obxecto.

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Guitiriz.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal (portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal>) na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. Ámbito de aplicación.

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, sendo conveniente que exista un documento base ou borrador de proxecto que será sometido a consulta.

2.2. Quedarán excluídas do trámite da consulta pública as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

- a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.
- b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

3. Competencia.

3.1. Corresponderá á alcaldía acordar o sometemento ou non a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais, de forma motivada e xustificada de acordo co sinalado no apartado anterior.

4. Contido da consulta pública previa.

4.1. A proposta de alcaldía para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- d) Os obxectivos da norma.

4.2. Co obxecto de que os destinatarios da futura norma podan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descrición clara e concisa dos mesmos, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.

4.3. Poderán establecerse outras medidas adicionais ou complementarias para incentivar ou fomentar a participación cidadá nas materias que lles afectan, de modo que as disposicións municipais que se vain aprobando teñan en conta o parecer dos seus destinatarios.

5. Prazo e destinatarios.

5.1. O prazo xeral para a consulta pública de cada iniciativa será de 15 días naturais, naturais, podendo ser acordado pola alcaldía un prazo superior nos supostos en que se considere necesario. Tamén poderá prorrogarse dito prazo por outros 15 días máis.

5.2. Con carácter xeral os destinatarios da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Guitiriz, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3 Excepcionalmente a alcaldía poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poida ser ampliado ou restrinxido. No suposto de restrinxirse os destinatarios deberá de motivarse moi detalladamente as razóns que xustifican dito criterio que excepciona a regra xeral.

5.4 Unha vez rematado este prazo, non se admitirán a trámite as alegacións ou suxerencias presentadas fora de prazo, aínda que o contido seguirá estando dispoñible no portal web a título informativo.

6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

6.1. O espazo do portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> dedicado á consulta pública previa recollerá un listado das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que remata o prazo da consulta.

6.2. O punto de acceso para a consulta pública previa conterá tanto os proxectos normativos sometidos a consulta públicas que teñan aberto o seu prazo de consulta, como aqueles para os que o trámite xa rematara, ao que se poderá acceder aínda que non este pechado o prazo de consultas.

7. Desenvolvemento da consulta pública previa.

7.1. No portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> figurará en lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento provincial.

7.2. A tales efectos figurará en dito portal o acordo aprobado polo Pleno e a información prevista nos puntos 4.1 y 4.2, así como as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia elaborarán unha memoria co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxerencias emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación.

8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

8.1. O portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

8.2. O portal web disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicación”.

9. Publicación e entrada en vigor.

9.1. Estas directrices serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal, e terán efectos unha vez transcorrido o prazo de tres meses dende a publicación no citado boletín provincial, sen afectar aos procedementos para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais iniciados con anterioridade.”

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo aos distintos departamentos municipais afectados para a debida programación das actuacións a realizar, de modo que ao longo do ano 2017 poidan estar revisados e modificados os distintos regulamentos e ordenanzas que forma parte do plan normativo de acordo coas instrucións aprobadas.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

TERCEIRO.- Publicar as instrucións aprobadas no BOP de Lugo, na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos do Concello para o seu xeral coñecemento."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa presenta a seguinte emenda no punto 5.2 das directrices sobre os destinatarios da consulta: Engadir a continuación de empadroados no Concello de Guitiriz "ou que xustifiquen a condición de interesados", para dar cabida as suxerencias de posibles destinatarios das normas que non estean empadroados en Guitiriz, de modo que haxa a máxima participación posible.

O voceiro do grupo PP di que discrepa sobre esa aspecto e que se debería deixar como está, so para a xente que vive en Guitiriz. Di que no Pleno extraordinario do 30 de decembro, aprobouse o Plan Normativo Municipal para o ano 2017, que contén todos os regulamentos e ordenanzas. Vista a necesidade de establecer unhas directrices sobre como ten que realizar esta nova fase o PP de Guitiriz, considera necesario que se emitan bandos coa finalidade de informar a toda a veciñanza por igual. Dándolles a oportunidade de participar todos, incluídos aqueles que non teñen acceso a internet, tendo así un mínimo de participación de todas e cada unha das parroquias de Guitiriz. Tendo en conta as opinións de todas as persoas e sempre que sexa posible incluílas na normativa.

O concelleiro non adscrito di que unha vez aprobado no Pleno extraordinario urxente, do pasado 30 de decembro do 2016, o Plan normativo municipal para o ano 2017, obrigados polo artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016. A mesma Lei incoa a establecer unhas directrices para realizar a consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais. En primeiro lugar, para o noso grupo é unha satisfacción poder ver que a xa afastada Lei 30/1992 do 26 de novembro, sobre a regulación intelixente, empeza a ter os seus froitos despois de toda unha serie de leis ata a mencionada Lei 39/2015. É unha obrigación de adaptar todos os procedementos administrativos para a mellora da produción normativa. E en base aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Este proceso de mellora normativa e de adaptación á administración telemática na cal xa estamos inmersos, darán uns resultados positivos tanto no que se refire a gastos administrativos, axilidade en todos os procesos regulados, beneficios para os usuarios, e sobre todo rapidez de resposta ante os requirimentos dos veciños pola maior axilidade da administración municipal. Doutra banda, dobre satisfacción, porque nas directrices marcan unhas pautas de participación de forma directa dos interesados en base a comunicacións electrónicas co concello. Polo que calquera parte interesada no proceso de regulación ou actualización das ordenanzas poderán realizar alegacións dunha forma directa, a condición de que teñan algunha vinculación ou se vexan afectados polo obxecto regulado. Pola miña banda a satisfacción de que os procesos participativos véxanse dalgunha maneira representados nestas directrices, e que a voz dos veciños se lles de a oportunidade de interpelar nas consideracións que crean oportunas en todos estes procesos que xa estamos involucrados de cheo e neste primeiro trimestre segundo o calendario marcado e a necesidade orgánica. Pero se algo teño que engadir é a importancia da

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

publicidade de todos os procesos regulatorios, para que estean ben informados os veciños e poidan realizar as súas alegacións ou suxestións.

Por iso solicito que se aprobe unha emenda de inclusión no epígrafe 7.1 na proposta ao Pleno, e é que na páxina web do concello se introduza un banner no que se mostre as ordenanzas a regular ou actualizar para crear a atención dos veciños que visitan a páxina. E ademais crear un link de ligazón entre a web do Concello e a do portal "guitiriz.sedelectronica.gal". Nada máis, grazas.

O voceiro do grupo BNG di que o artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un "plan normativo" que conteña todas as iniciativas e normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte. Estamos de acordo con este contido, porque a transparencia e a participación pública nas normativas e ordenanzas municipais e algo que sempre debeu existir e que por fin se vai levar a cabo. O 30/12/2016 aprobouse o "Plan Normativo Municipal para o ano 2017" que contén todos os regulamentos e ordenanzas de nova creación e os que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2017 para adaptalos aos requirimentos da nova Lei de procedemento administrativo. Entón agora o que vamos aprobar son as directrices sobre como se ten que realizar esta nova fase de consulta pública previa no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos municipais, e a conveniencia de que sexan aprobadas pola Corporación como órgano competente para a aprobación das disposicións normativas municipais. Polo tanto o obxecto destas directrices é incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Guitiriz. E dicir que con carácter previo a redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal (portal web) na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas potencialmente afectada pola futura ordenanza ou regulamento. Cremos que son importantes estas directrices a seguir no Plan Normativo, porque vamos a ser os propios cidadáns os que definamos as nosas propias normas, regulamentos e ordenanzas. O BNG sempre defendeu e defenderá o principio de transparencia das Administracións Públicas que posibiliten e faciliten un acceso sinxelo, plural e actualizado da normativa en vigor e por suposto a maior transparencia e acceso a información pública, e neste caso que vamos a poder participar mellor aínda.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo coas propostas dos 3 grupos.

Sometida a votación a seguinte emenda da alcaldía sobre o punto 5.2 é aprobada por 9 votos a favor dos grupos PSOE, BNG, Independente-CG e concelleiro non adscrito, e 4 votos en contra do grupo PP:

Engadir no punto 5.2 a continuación de empadroados no Concello de Guitiriz o seguinte: "ou que xustifiquen a condición de interesados".

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sometida a votación a seguinte emenda do concelleiro non adscrito sobre o punto 7.1 é aprobada por unanimidade:

Engadir no punto 7.1 que "Na páxina web do concello introducirase un banner no que se mostre as ordenanzas a regular ou actualizar para crear a atención dos veciños que visitan a páxina. E creárase un link de ligazón entre a web do Concello e a do portal "guitiriz.sedelectronica.gal""

Sometida a votación a seguinte emenda do grupo PP sobre o punto 4.3 é aprobada por unanimidade:

Engadir no punto 4.3 que "Emitíranse bandos coa finalidade de informar a toda a veciñanza por igual, dándolles a oportunidade de participar a todos, incluídos aqueles que non teñen acceso a internet, tendo así un mínimo de participación de todas e cada unha das parroquias de Guitiriz. e tendo en conta as opinións de todas as persoas".

O Texto do acordo que se somete a votación unha vez engadidas as 3 emendas aprobadas é o seguinte:

"O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un "plan normativo" que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte.

Por acordo plenario de data 30/12/2016 aprobouse o "Plan normativo municipal para o ano 2017" que contén todos os regulamentos e ordenanzas de nova creación e os que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2017 para adaptalos aos requirimentos da nova Lei de procedemento administrativo e da normativa sectorial específica de aplicación en cada caso, que foi publicado na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos para o seu xeral coñecemento.

Vista a necesidade de establecer unhas directrices sobre como se ten realizar esta nova fase de consulta pública previa no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos municipais, e a conveniencia de que sexan aprobadas polo da Corporación como órgano competente para a aprobación das disposicións normativas municipais, e posteriormente publicadas para o seu coñecemento polos veciños/as de Guitiriz.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 12/12/2016, e a conformidade de secretaría de data 18/01/2017 as directrices redactadas que se someten a consideración plenaria.

Propoño ao Pleno da Corporación, pleno ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes directrices sobre como realizar a consulta pública previa no procedemento de elaboración de ordenanzas e regulamentos municipais

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

engadidos no Plan Normativo municipal para o ano 2017, para dar cumprimento aos cambios normativos operados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

“DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

1. Obxecto.
2. Ámbito de aplicación.
3. Competencia.
4. Contido da consulta pública previa.
5. Prazo e destinatarios.
6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.
7. Desenvolvemento da consulta pública previa.
8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.
9. Publicación e entrada en vigor.

1. Obxecto.

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Guitiriz.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal (portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal>) na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. Ámbito de aplicación.

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, sendo conveniente que exista un documento base ou borrador de proxecto que será sometido a consulta.

2.2. Quedarán excluídas do trámite da consulta pública as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

- a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.
- b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

3. Competencia.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

3.1. Corresponderá á alcaldía acordar o sometemento ou non a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais, de forma motivada e xustificada de acordo co sinalado no apartado anterior.

4. Contido da consulta pública previa.

4.1. A proposta de alcaldía para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- d) Os obxectivos da norma.

4.2. Co obxecto de que os destinatarios da futura norma podan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descrición clara e concisa dos mesmos, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.

4.3. Poderán establecerse outras medidas adicionais ou complementarias para incentivar ou fomentar a participación cidadá nas materias que lles afectan, de modo que as disposicións municipais que se vain aprobando teñan en conta o parecer dos seus destinatarios.

Emitiranse bandos coa finalidade de informar a toda a veciñanza por igual, dándolles a oportunidade de participar a todos, incluídos aqueles que non teñen acceso a internet, tendo así un mínimo de participación de todas e cada unha das parroquias de Guitiriz. e tendo en conta as opinións de todas as persoas".

5. Prazo e destinatarios.

5.1. O prazo xeral para a consulta pública de cada iniciativa será de 15 días naturais, naturais, podendo ser acordado pola alcaldía un prazo superior nos supostos en que se considere necesario. Tamén poderá prorrogarse dito prazo por outros 15 días máis.

5.2. Con carácter xeral os destinatarios da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Guitiriz ou que xustifiquen a condición de interesados, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3 Excepcionalmente a alcaldía poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poida ser ampliado ou restrinxido. No suposto de restrinxirse os destinatarios deberá de motivarse moi detalladamente as razóns que xustifican dito criterio que excepciona a regra xeral.

5.4 Unha vez rematado este prazo, non se admitirán a trámite as alegacións ou suxerencias presentadas fora de prazo, aínda que o contido seguirá estando dispoñible no portal web a título informativo.

6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

6.1. O espazo do portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> dedicado á consulta pública previa recollerá un listado das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que remata o prazo da consulta.

6.2. O punto de acceso para a consulta pública previa conterá tanto os proxectos normativos sometidos a consulta públicas que teñan aberto o seu prazo de consulta, como aqueles para os que o trámite xa rematara, ao que se poderá acceder aínda que non este pechado o prazo de consultas.

7. Desenvolvemento da consulta pública previa.

7.1. No portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> figurará en lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento provincial. Na páxina web do concello introducirase un banner no que se mostre as ordenanzas a regular ou actualizar para crear a atención dos veciños que visitan a páxina. E crearase un link de ligazón entre a web do Concello e a do portal “guitiriz.sedelectronica.gal”.

7.2. A tales efectos figurará en dito portal o acordo aprobado polo Pleno e a información prevista nos puntos 4.1 y 4.2, así como as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia elaborarán unha memoria co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxerencias emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación.

8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

8.1. O portal web <http://guitiriz.sedelectronica.gal> disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

8.2. O portal web disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicación”.

9. Publicación e entrada en vigor.

9.1. Estas directrices serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal, e terán efectos unha vez transcorrido o prazo de tres meses dende a publicación no citado boletín provincial, sen afectar aos procedementos para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais iniciados con anterioridade.”

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo aos distintos departamentos municipais afectados para a debida programación das actuacións a realizar, de modo que ao longo do ano 2017 poidan estar revisados e modificados os distintos regulamentos e ordenanzas que forma parte do plan normativo de acordo coas instrucións

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

aprobadas.

TERCEIRO.- Publicar as instrucións aprobadas no BOP de Lugo, na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos do Concello para o seu xeral coñecemento."

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade da Corporación

MOCIÓN DO GRUPO BNG PARA REHABILITAR E ACONDICIONAR O ESPAZO PUBLICO DOS SETE MUIÑOS . Expediente 78/2017.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimen
to

A moción do Grupo BNG ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno de data 23/01/2017 é a seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural dos Sete Muíños é sen lugar a dubidas o lugar máis emblemático e visitado de Guitiriz, non só polos veciños/as do Concello se non tamén por moitas persoas doutros lugares que se achegan a ver este entorno natural e que se non o remediamos, cada ano se deteriora un pouco máis. Os muíños están nun estado ruinoso e urxe rehabilitalos, porque dentro duns anos só quedará o nome do entorno, e todos nos preguntaremos o porque do seu estado. Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal que está pendente de aprobación provisional pola Xunta de Galiza, só un deles está en solo público, polo que se debería comezar a súa restauración. No espazo público dos Sete Muíños actualmente temos instalados uns aparellos de ximnasia, un parque para os máis pequenos e a única piscina pública artificial de que dispoñemos no concello.

A xente de fora que visita os Sete Muíños queda encantada coa paisaxe, pero un pouco decepcionada co seu estado e cos escasos servizos dos que dispón para pasar alí unha xornada de lecer.

Por todo o exposto o BNG presenta o Pleno o seguinte acordo:

1º.- Acondicionar este espazo público con mesas e asentos de pedra para que as persoas que o desexen poidan pasar alí o día e gozar as súas comidas ou merendas familiares.

2º.- Substituír os emparrados que foron instalados o carón dos servizos públicos e que están nun estado lamentable.

3º.- Solicitar a Augas de Galicia unha subvención para a rehabilitación dos muíños e camiños para crear a xa tan demandada ruta dos Sete Muíños."

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que un dos lugares máis

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

nomeados do noso concello é a area recreativa dos Sete Muíños, situada nun entorno privilexiado. Dito espazo merece estar debidamente acondicionado e coidado para o goce de todos/as os/as veciños/as e visitantes do noso concello. Por tanto, o Partido Popular de Guitiriz, está a favor de todas as obras de mellora que se realicen nos Sete Muíños e no seu entorno.

O concelleiro non adscrito di que esta totalmente de acordo na recuperación do espazo dos “sete muiños”, creo que debemos ter especial sensibilidade no mantemento e acondicionamento de todos os espazos públicos de interese turístico ou de uso para lecer dos nosos veciños, e poñer en valor os nosos lugares máis visitados e que teñen gran aceptación por parte de todos, tanto de veciños como de visitantes foráneos, como sempre se demandou desta portavocía. Hai que traballar todos nunha mesma dirección como é a promoción turística, e ter unha oferta ampla de lugares para uso e goce de todos, coa mellora dos lugares máis significativos do noso concello como é neste caso os “Sete Muíños”. Pero o que me chama a atención desta moción, é concretamente no punto 3º dos acordos di no súa parte final; “..para crear a tan demandada ruta dos Sete Muíños”. E digo isto porque no pleno do 28 de xullo do 2016 esta portavocía presentou unha moción para “o desenvolvemento e promoción do sendeirismo como oferta turística do Concello de Guitiriz”. Pois ben, despois de desenvolver a moción na que se pretendía como obxectivo a promoción concreta da nosa oferta de sendeirismo e turismo verde no noso concello. Na quenda de palabra dos diferentes portavoces, na primeira quenda do portavoz do BNG dixo; “que está de acordo coa moción”. Xa na segunda quenda despois da intervención do portavoz do PP no que dixo; “que é importante ou mantemento do que xa temos”. E entón na segunda quenda de palabra do portavoz do BNG dixo “que estaba de acordo co voceiro do PP e que é mellor manter ben as rutas que xa temos e si se pode facer algunha máis”. A miña contrariedade ante a propia frase, pero é que ningún dos dous entendeu a moción, non se trataba de crear rutas senón da promoción das mesmas e actividades paralelas relacionadas co turismo verde. Pero doutra banda a satisfacción, por que conseguín, como dixo no seu día Leire Pajín “ el acontecemento histórico a escala planetaria” neste caso a coincidencia entre ambos os portavoces nun tema que nin se plantexou como tal. Xa estou a esperar a chamada de Suecia para comunicarme que estou entre os nomeados ao nobel da paz pola miña achega para o entendemento entre o PP e o BNG sen mover un pelo.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo coa moción, que votou a favor na comisión informativa, e que destinouse pouco diñeiro nela.

A Sra. Alcaldesa di que a veces as obras mastodónticas estropeán as cousas. Di que a posta en valor da ruta dos sete muiños foi unha das proposta que se fixeron ao GDR Leader 2014-2020 cun orzamento duns 200.000 euros, pero que vai ser inviable e a subvención non vai poderse levar a cabo por non ser terreos municipais, polo que propón a seguinte emenda en lugar do punto terceiro da moción: " Facer un equipo de traballo para conseguir a cesión dos muiños". Di que hai unha subvención para recuperar a ponte do empedrado e colocar bancos, que é un área natural e non un merendeiro, e que é mellor poñer dúas mesas no entorno da piscina artificial. Propón unha segunda emenada no punto primeiro da moción: "Acondicionar este espazo público con asentos de pedra para que as persoas que o desexen poidan

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

pasar alí o día e gozar as súas comidas ou merendas familiares".

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que está de acordo con facer as obras que se poidan facer cos permisos necesarios, sen excluñir ningún punto a priori.

O concelleiro non adscrito di que está totalmente de acordo coa moción.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo con acondicionar o espazo, aínda que sexa con bancos para sentanser, e que tamén está de acordo co equipo de traballo para conseguir os muiños. Di que non falou de barbacoas, que o emparrado está mio mal, e que xente de fora do Concello teña mesas para comer algo non molesta a ningún.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo, que as barbacoas non, e que está ben restaurar os muiños, pero que os camiños tamén teñen que estar ben e hai que acondicionalos.

Sométense a votación as seguintes dúas emendas da Sra. Alcaldesa que son aprobadas por unanimidade:

-En lugar do punto terceiro da moción: " Facer un equipo de traballo para conseguir a cesión dos muiños".

-No punto primeiro da moción: "Acondicionar este espazo público con asentos de pedra para que as persoas que o desexen poidan pasar alí o día e gozar as súas comidas ou merendas familiares".

Comprométense a formar parte do equipo de traballo os seguintes concelleiros: a Sra. Alcaldesa, o voceiro do grupo BNG, o concelleiro non adscrito e a Sra. Carballeira García.

A moción emendada que se somete a votación é a seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O espazo natural dos Sete Muiños é sen lugar a dúbidas o lugar máis emblemático e visitado de Guitiriz, non só polos veciños/as do Concello se non tamén por moitas persoas doutros lugares que se achegan a ver este entorno natural e que se non o remediamos, cada ano se deteriora un pouco máis. Os muiños están nun estado ruinoso e urxe rehabilitalos, porque dentro duns anos só quedará o nome do entorno, e todos nos preguntaremos o porque do seu estado. Segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal que está pendente de aprobación provisional pola Xunta de Galiza, só un deles está en solo público, polo que se debería comezar a súa restauración. No espazo público dos Sete Muiños actualmente temos instalados uns aparellos de ximnasia, un parque para os máis pequenos e a única piscina pública artificial de que dispoñemos no concello.

A xente de fora que visita os Sete Muiños queda encantada coa paisaxe, pero un pouco decepcionada co seu estado e cos escasos servizos dos que dispón para pasar alí unha xornada de lecer.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Por todo o exposto o BNG presenta o Pleno o seguinte acordo:

1º.- Acondicionar este espazo público con asentos de pedra para que as persoas que o desexen poidan pasar alí o día e gozar as súas comidas ou merendas familiares".

2º.- Substituír os emparrados que foron instalados o carón dos servizos públicos e que están nun estado lamentable.

3º.- Facer un equipo de traballo para conseguir a cesión dos muiños."

Sometida a moción a votación foi aprobada por unanimidade da Corporación.

Moción para instar a Consellería de Medio Rural para un novo plan de xestión do lobo. Expediente 101/2017.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A moción presentada polo concelleiro non adscrito é a seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade autónoma de Galicia ten as competencias estatutarias en materia de medio-ambiente segundo o disposto no artigo 27 do Estatuto de Autonomía, competencias que inclúen a xestión de especies no cinexéticas, onde adquire especial relevancia o lobo, por dous aspectos: primeiro por ser unha especie que pola súa natureza e comportamento ataca e xera danos nas explotacións gandeiras. E segundo por ser unha especie con especial apoio de grupos ecoloxistas.

O principal problema centrase na xestión errónea que se está levando a cabo dende a Consellería de Medio Rural e Ordenación do Territorio en relación a especial protección do lobo e as súas consecuencias negativas para a sustentabilidade do ecosistema e do sostemento económico do noso concello, tanto no que se refire a diversidade e desenvolvemento animal na fauna salvaxe, como os danos na fauna doméstica, ademais no sector terciario que se sustenta do turismo natural e cinexético.

Dende os últimos anos vense observando un aumento significativo do censo de lobos en toda a comunidade autónoma e en especial nas comarcas do interior lucense e ourensán. Segundo datos da Xunta o lobo en Galicia goza de boa saúde. Si tradicionalmente a comunidade foi o auténtico reduto dunha especie nunha época na que non pasaba polo seu mellor momento, debido a presión humana polo seus hábitats, nas décadas dos anos 60 e 70, agora segue sendo o gran referente en España, con poboacións en auxe e unha enorme distribución por case toda a súa superficie. En concreto na provincia de Lugo a súa presenza se atopa no 98% do territorio. Así o constatou o último censo realizado no ano 2013-2014, que mostra un

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

crecemento exponencial respecto ao anterior realizado no ano 1999-2000. A comparativa de ambos censos deu como resultado de pasar de 68 grupos a manadas reprodutoras, cun total de entre 420 e 600 exemplares a 97 manadas reprodutoras con cerca de 800 exemplares. Se ben é certo que este último censo realizouse con técnicas mais avanzadas e unha metodoloxía máis fiable. A elo hai que engadirille as manadas compartidas coas comunidades autónomas de Castilla-León e Asturias. Segundo os datos da Consellería de Medio Ambiente entre 2010 e 2015 rexistráronse 3789 avisos por ataques. No ano base identificáronse 691 e dende entón reduciuse a unha cifra máis ou menos estable de 620 ataques por ano, repito datos da Xunta. Pero como sempre a estatística xeral oculta a auténtica realidade concreta que é cando se miran os datos máis minuciosamente. Na provincia de Lugo, os ataques aumentaron significativamente, en especial o gando vacún e ovino. E é recoñecido pola propia Xunta que houbo un aumento de 351 beneficiarios de subvencións por ataques no 2014 a 406 beneficiarios no 2015. E recoñece que ten previsto ampliar os fondos para facer fronte as indemnizacións de 2016. Isto que quere dicir?, pois que si a nivel global o número de ataques mantense, a nivel particular como son as zonas 1, como a nosa, aumentaron, como é o caso dos concellos de interior da provincia de Lugo.

Ademais hai que indicar que o malestar non so se produce entre gandeiros polos ataques de lobos, outros colectivos tamén se resisten como o cinxético (os cazadores), os propietarios de animais en estado libre como son os cabalos, os propietarios de cans de protección, de compañía ou de caza e o propio ecosistema. Xa que por exemplo en Galicia unha boa parte da dieta do lobo é o corzo ou era, xa que se pasou dunha densidade de poboación de 4 corzos por cada 100 hectáreas fai 30 anos a 4 corzos cada 1000 hectáreas na actualidade.

Ademais dos cambios na lexislación en canto a eliminación do gando morto, xa que dende o mal das vacas tolas, os protocolos a seguir coas reses mortas impiden desfacerse delas nos muladares para carroña con que alimentarse os animais salvaxes dos nosos montes.

Por todo o exposto solicito ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

Instar ao goberno da Xunta e en concreto a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio os seguintes puntos:

-PRIMERO: Que aprrobe con urxencia un novo Plan de xestión do Lobo, derogando o anterior lexislado no Decreto 297/2008, de 30 de decembro. Polo novo Plan redúzase a actual densidade da especie para conseguir rebaixar a frecuencia, ámbito e número de ataques ao gando e outros animais domésticos.

-SEGUNDO: Manter a consideración do lobo como especie cinxética. Os cazadores deben ser un aliado da administración no control dos cánidos salvaxes, para que este realmente sexa efectivo.

-TERCEIRO: Co goberno autonómico asuma o pago das indemnizacións dos danos producidos por lobos en prazos de tempo máximo de tres meses e cantidades acordes ao valor do mercado de dito gando.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

-CUARTO: Que se reactiven muladares ou puntos de acopio de carroña en diferentes puntos dos montes ou cotos, para reducir ou atenuar os ataques. Para elo a sociedade instrumental TRAGSA depositará neles periodicamente os cadáveres das reses mortas nas explotacións."

Aberto o debate pola presidencia, o voceiro do grupo PP di quen ten competencia para derogar ou desenvolver un Decreto é o propio Parlamento Galego, non nós. Nós pensamos que o Decreto 297/2008 de 30 de decembro está ben feito. Quizás se pode mellorar, isto significa, ampliar artigos, non desfacer o que está ben lexislado. Por outra banda, o ámbito e número de ataques non se fai por lexislar senón por tomar medidas. Estas medidas non só as teñen que tomar as Administracións, senón os propios lugareños. A Xunta de Galicia da axudas para mercar cans mastíns, pastores eléctricos e mallas cun orzamento de 400.000 €. Sorpréndenos que vostede pida a consideración do lobo como especie cinexética, xa que o lobo sempre foi especie cinexética dende tempos "inmemorian". Outra cousa é que o lobo este en perigo de extinción e as administracións correspondentes prohibisen a caza durante un tempo. O Goberno da Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aprobou no ano 2016, facendo un extraordinario esforzo orzamentario, a cantidade de 1,4 millóns de euros poñendo en marcha unha liña de axudas para paliar danos do lobo en 360.000 € e xabaril en 600.000 €. Fixese vostede que a cantidade destinada ós danos producidos polo xabaril dobra a cantidade para os lobos. Con respecto a reactivación dos muladares, dicirille o seguinte, as autoridades sanitarias galegas, están extraordinariamente preparadas para decidir, si se debe ou non, acopiar carroña nos diferentes puntos. Dicirille que o lobo é un animal carroñeiro, é un animal de presa. O lobo necesita matar para comer, por instinto mata máis animais dos que come. Por certo, os muladares, noutros puntos de España fanse para animais carroñeiros como os voitres e aquí so temos pegas e corvos.

O voceiro do grupo BNG di que o voceiro do grupo PP ten razón, que o lobo ten que matar para comer, e non está de acordo co cuarto punto da moción. Di que o decreto se pode mellorar e que agora hai lobos que non son salvaxes, e que vai votar a favor da moción.

O voceiro do grupo independente-CG di que está de acordo coa moción, e que non está de acordo co voceiro do grupo PP, que autorizan poucas batidas e so deixan cazar un lobo por persoa, e que hai manadas de lobos por Lugo.

A Sra. Alcaldesa di que a moción para instar a Xunta está ben, que todo ten que ser revisable e o Decreto xa ten 6 anos. Di que vai votar a favor, que estamos acabando co ecosistema e que son necesarias políticas de conservación do ecosistema.

Na segunda quenda, o concelleiro non adscrito sinala que a poboación de lobos de Galicia pertence á poboación de lobo ibérico situada ao norte do río Duero, polo que está incluída no anexo VI (especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida na natureza e explotación poden ser obxecto de medidas de xestión) da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e de biodiversidade, que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres. O Decreto

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, inclúe no seu anexo IV ao lobo entre as especies cazables no territorio da nosa comunidade autónoma. Con todo, desde hai varios anos a orde anual que fixa os períodos hábiles de caza só autoriza a caza do lobo despois de constatar fehacientemente a existencia de danos e con plenas garantías da poboación desta especie. O Plan de xestión do lobo en Galicia que se aproba co Decreto 297/2008, do 30 de decembro e en base á lexislación anteriormente citada polo que se redacta o modelo de xestión desta especie, aínda que soluciona certos problemas, non termina de satisfacer a todos os sectores implicados. A consecuencia da excesiva protección do lobo alcánzanse valores poboacionais que poden achegarse á cifra de mil individuos, capacidade máxima da nosa comunidade. Que poñería en grave risco a sustentabilidade do ecosistema dos nosos montes e polo tanto o risco para a nosa gandería, xa que non hai alimento suficiente para tantos lobos. Ademais, como moi ben dixo o pasado mes de decembro o rexedor de San Sadurniño, Secundino Garcia; “para que as persoas que residan en Espazos Rede Natura 2000 non teñan que pagar as consecuencias da proliferación da fauna salvaxe. A necesidade de convivir co lobo, como esixen algunhas organizacións ecoloxistas plantexa a necesidade imperiosa de considerar o que ocorre en cada momento e de achegar solucións a situacións novas. Ninguén se queixa por gusto, e se alguén conviviu coa natureza e co lobo, desde que o mundo é mundo, son os pastores e gandeiros. Hai que lembrar, hoxe máis que nunca, que a gandería extensiva, ademais de formar parte da cultura e da economía da nosa comunidade, desenvolve un papel de conservación do medio natural insubstituíble. O lobo xa non é aquel animal en perigo de extinción que nos mostraba Félix Rodríguez de la Fuente e non podemos estudar ao lobo coa sensibilidade do século XXI mentres que doutra banda, pídesse aos gandeiros que convivan e volvan a técnicas de pastoreo propias do século XIX. Á hora de analizar, valorar e cuantificar o impacto dos ataques, as baixas non deben compararse cos censos globais, xa que os ataques a explotacións hai que ter en conta que moitas delas atópanse en procesos de mellora xenética, ademais da tensión que produce na cabana, con danos colaterais en produción, abortos, etc. Só a sesgada visión do medio rural que se pode ter desde outros ámbitos, pode orixinar expresións como “de que se queixan os gandeiros polas baixas por ataques se son indemnizados”. É ridículo, o primeiro que debemos asumir, é que os gandeiros non queran que o seu ganado este en risco e segundo que os mellores coñecedores do problema son eles e á vez vítimas destas políticas de salón. Estas políticas de indemnizacións non recoñecen aos animais mortos por tensións e só os animais mortos por lesións sufridas por ataques. Ademais do dano a outras especies cinxéticas da nosa fauna silvestre como recoñece a federación galega de caza. Quixese finalizar cunhas palabras de Julen Rekondo, químico e xornalista especializado en temas medio-ambientais, Premio nacional de Medio Ambiente e asesor da Oficina Nacional de Caza, e di; “respecto á alimentación do lobo baséase principalmente no corzo e o xabaril, pero os seus cambios demográficos produciron tamén cambios na súa alimentación, converténdose por exemplo en carroñeros e ademais ante a facilidade das súas presas tamén depreda na cabana gandeira desde sempre, pero na actualidade con maior intensidade debido ao gran aumento demográfico en toda a cornixa cantábrica. Por último, aclara que a moción di instar á Xunta de Galicia, non derrogar o Decreto dende o Concello.

O voceiro do grupo PP di que non está en contra da moción.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

O resto de voceiros din que están de acordo coa moción e que van a votar a favor.

Sometida a moción a votación foi aprobada por unanimidade da Corporación.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dar conta de resolucións de alcaldía que están a disposición dos concelleiros na plataforma "Gestiona" (Libro de decretos)

Dase conta ao Pleno das resolucións de alcaldía que están a disposición dos concelleiros na plataforma "Gestiona" (Libro de decretos)

Dar conta de comunicados oficiais

A Sra. Alcaldesa da conta ao Pleno dos seguintes asuntos oficiais:

-No expediente de sección do centro de saúde de Parga ao SERGAS o Concello ten todo feito, e estamos á espera de que nos chamen para asinar o convenio, pero hai 29 concellos esperando que están antes.

-No expediente do PXOM pediron un CD e enviouse, e en principio está todo completo, non requiriron nada máis, polo que dende principios de xaneiro está correndo o prazo de 3 meses.

Tramite de urxencia (Mocións urxentes)

En cumprimento do disposto nos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a presidencia pregunta aos grupos municipais se teñen algunha moción para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

7.1. A Sra. Alcaldesa presenta a seguinte moción de urxencia:

"Proposta de "Rehabilitación e ampliación de edificación para implantación dun centro de día" para engadir na convocatoria de axudas LEADER 2014/2020 a través dos grupos GDR.

Vista a convocatoria de axudas LEADER 2014/2020 a través dos grupos GDR e o anteproxecto de obra redactado para a "Rehabilitación e ampliación de edificación para implantación dun centro de día" no edificio que foi cedido pola Administración do Estado coñecida como "Casa do Capataz".

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Vista a necesidade de contar coa conformidade da Corporación para a elección deste proxecto.

Considerando o establecido nos artigos 21 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.

Propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta de “Rehabilitación e ampliación de edificación para implantación dun centro de día” para engadir na convocatoria de axudas LEADER 2014/2020 a través dos grupos GDR, de acordo co anteproxecto técnico redactado.

SEGUNDO.- Comunicar a proposta aos servizos municipais afectados para a tramitación administrativa que corresponda en cada momento (solicitud de axudas, aprobación do proxecto e petición de informes, contratación das obras, etc...)”

A Sra. Alcadesa di que pedíronse 8 actuacións na subvención de AGADER e unha delas é a de sete muíños e outra o arranxo da casa dos peóns camiñeiros que cedeu Fomento para ocio, lecer, maiores, cun orzamento aproximado de 200.000 euros, que é a que máis posibilidades ten segundo di o GDR que pode chegar ata un 80% de financiación. E pide primeiro o visto bo e o apoio do Pleno para converter esta edificación en centro de día, aínda que non sexa competencia do Pleno esta decisión.

O voceiro do grupo PP di que non tiveron tempo para estudar a proposta e que debería haber dous turnos para poder consensualo como se fai noutros casos.

Sometida a votación a urxencia do asunto é aprobada por 6 votos a favor do grupo PSOE, 5 votos en contra dos grupo PP e BNG, e 2 abstencións do grupo Independente-CG e concelleiro non adscrito, incorporándose ao orde do día da sesión.

Aberto o debate pola Presidencia, o voceiro do grupo PP di que hai que matizar varios puntos do informe técnico, xa que di que no actual centro de día falta humanización, que o centro de día que se proxecta é pequeno con 240 m² en 3 plantas, polo que seguiríamos estando igual de mal que no edificio alugado, a ademáis con pendente e escaleiras, o que é pouco apropiado para os usuarios que son persoas maiores. Tamén di a memoria que hai escaso aparcamento rodado, polo que ese edificio non é apropiado para centro de día.

O concelleiro non adscrito di que non tivo tempo para ver a proposta e estudala, e que habería que plantearse se mellora ou non o que hai, e se estase renunciando a centralizar servizos.

O voceiro do grupo BNG di que non aceptamos este tipo de iniciativas presentadas desta forma, o día anterior o Pleno e avisando por telefono por si non viramos a documentación enviada o correo electrónico o longo da tarde de onte, coa moción que presentan e a memoria descritiva. Tampouco sabemos dende cando teñen feita a memoria descritiva e o orzamento que nos enviaron onte pola tarde para realizar

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

esta obra que propoñen. O que si se aprecia e se nota, e que foi totalmente orquestada para que non dera tempo a reacción algunha por parte da oposición. Dende o BNG entendemos que este tipo de iniciativas ou de propostas teñen que ser consensuadas porque, Sr. Alcaldesa, lémbrolle que vostede goberna en minoría. A opinión do BNG sobre a proposta e a seguinte: Lémbrolles a todos os presentes e a propia corporación que en Guitiriz temos un centro de día xestionado polo Concello, o que vostede quixo Sr. Alcaldesa. Porque non foi capaz ou no quixo no seu día un Centro de Día a través da Lei de Dependencia e xestionado totalmente pola Xunta de Galicia e agora está vostede ofrecéndonos máis do mesmo “que todos os cidadáns do concello sosteñamos cos nosos impostos algo que debería ser competencia da Xunta. Na memoria descritiva que nos presenta falase duns antecedentes e condicionantes que hai uns anos eran validos para o noso concello cunha poboación moi superior a de hoxe, e que parece que xa non valen, di vostede *“O concello de Guitiriz, dentro da campaña de política social que está a levar a cabo nos últimos anos, detectou a necesidade de ampliar os equipamentos que na actualidade posúe para a atención a terceira idade ao atoparse neste momento saturado o servizo e mantendo unha lista de espera permanente para acceder a eles”*, que foi o que cambio? Díganos vostede que non soubo ver o futuro que nos agardaba, e seu deus conta agora.... Tamén se di na memoria *“existe unha carencia manifesta na capacidade do Centro de Día actual, e unha falta de humanización manifesta no entorno é por iso polo que se propón a necesidade de rehabilitar e ampliar a edificación existente na parcela, para acadar o dobre de capacidade actual e ademais incorporar funcionalmente unha unidade de atención ao alzheimer o outras demencias, servizo do que carece o existente. A dotación do Centro de Día cumprirá coa normativa europea para este tipo de instalacións o decreto 243/1995 do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atencións a maiores e tamén as Ordes que o desenvolven e especialmente cumprirá coa orde do 25/06/2008 pola que se regulan os requisitos específicos de deben cumprir os centros de día e as unidades de atencións sociais para persoas con alzheimer e outras demencias”* Está dicíndonos que ata o de agora o Centro de Día que vostede puxo en marcha non cumpría as normativas e que ten unha falta de humanización no entorno, e que vai a ter o dobre de capacidade, contradíse co que fixo hai uns anos e tampouco nos di a verdade da capacidade. Non vamos a tomar ningunha decisión afirmativa nin negativa sobre un asunto tan importante para o futuro de Guitiriz sen estudar a fondo todas as alternativas posibles e refírome por suposto a instalación do Centro de Día na casa da Botica e que sería totalmente pública, unha promesa reiterada por vostede persoalmente durante o conflito que se mantivo co anterior goberno na pasada lexislatura, que desembocou na paralización do proxecto da residencia da casa da Botica. Semella que agora vostede tivo outro acordo e, de un día para outro nolo trae a Pleno para que digamos AMÉN sen tempo a estudar minimamente o asunto. O BNG non participa de arroutas e improvisacións. Xa lle pasou o mesmo co PXOM e semella que non tomou nota. Dende o BNG demandamos algo tan simple como planificación, diálogo e, de ser posible consenso nun tema fundamental coma este. Por iso abstémonos nesta votación ata que dende o goberno se digne a sentarse nunha mesa con todos os grupos políticos e expoña e consensue estes temas.

O voceiro do grupo independente-CG di que está de acordo pero que habería que

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

consensualo, deixalo enriba da mesa.

A Sra. Alcaldesa insiste en que este asunto non é competencia do Pleno pero considera máis democrático e participativo traelo para consensuar a decisión que se adopte. Di que fixo moitas visitas á Xunta para conseguir un centro de día para Guitiriz, que non falta humanización no centro de día, e que se non se chega a tempo se pode perder a subvención, que é con fondos europeos que piden moitos requisitos. Di que a residencia na casa da Botica foi paralizada polo PP, o proxecto estaba feito e paralizouse polo PXOM, que se fora aprobado en 2011 teriamos PXOM e residencia aforrando os 20.000 euros para os cambios que se fixeron que supoñían facer unha nova exposición pública.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que a residencia paralizouse pola Sra. Alcaldesa dende a Deputación, que no PXOM modificáronse cousas que eran necesarias como as alturas, no que houbo consenso para saír adiante. Di que a Xunta do bipartito parou a residencia porque non querían que a residencia viñese para aquí, e que así habería 3 centros de día e ningún adaptado as necesidades dos veciños.

O concelleiro non adscrito di que a Sra. Alcaldesa non contestou á súa pregunta de se renunciase a ter un servizo social centralizado, e se pasará como nos GES. Di que tome a alcaldía a decisión, que non se pode tomar así unha decisión á lixeira, que hai que estudar o asunto e consensualo co seu grupo antes.

O voceiro do grupo BNG di que non está de acordo coa forma en que se presente con menos de 24 horas para estudalo, e que habería que consensualo antes cos grupos políticos como se fixo nos orzamentos ou no PXOM.

O voceiro do grupo Independente-CG di que debería quedar o asunto sobre a mesa e ter unha reunión para consensualo.

A Sra. Alcaldesa di que non hai tempo, que hai que redactar o proxecto con tempo e solicitar a subvención para non perdela, e que non pasa se non se aproba.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 6 votos a favor do grupo PSOE, 4 votos en contra do grupo PP, e 3 abstencións dos grupos BNG, Independente-CG e concelleiro non adscrito.

7.2. O voceiro do grupo BNG presenta a seguinte moción de urxencia:

"MOCIÓN PARA RECLAMACIÓN A ADIF E O MINISTERIO DE FOMENTO A DEVOLUCION, CESIÓN OU ALUGUEIRO SIMBOLICO DOS TERREOS DO ANTIGO MUELLE DE CARGA EN PARGA E OUTROS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O antigo múelle de carga da estación de Parga, desuso dende que se eliminaron as vías no ano 2005, foi empregado polos veciños e veciñas de Parga como aparcadoiro nas feiras mensuais sen que ocorrera ningún problema ata que ADIF, empresa pública propietaria dos terreos, decide unilateralmente pechalo para impedir



Concello de Guitiriz

o acceso e goce do mesmo.

Os terreos onde esta asentado o múelle, ó igual que os das vías e o da estación de Parga foron expropiados os veciños de Parga.

Dende 1875, os veciños e veciñas de Parga conviven co tren. Co progreso e prosperidade que trouxo no seu momento e que fixo medrar a Vila, mais tamén coas molestias, atrancos, accidentes e mortes que se produciron o seu carón.

Hoxe en día seguimos a padecer a división en dous do noso Pobo pola vía férrea e un paso nivel no centro do mesmo.

É de xustiza que o que foi dos veciños e veciñas, retorne ó pobo unha vez que está en desuso. Porén, ADIF négase a chegar a acordo ningún de cesión e pretende que os terreos se merquen ou aluguen. Queren que paguemos de novo polo que é noso!!

Polo exposto o BNG presenta o Pleno para a súa aprobación o seguinte acordo:

1º.- O concello de Guitiriz iniciará os tramites necesarios para solicitar de Adif que de xeito inmediato devolva á Vila de Parga os terreos do antigo múelle de carga, os ceda de xeito indefinido, ou estableza un aluguer simbólico ós veciños de Parga para o seu uso público e social.

2º.- Solicitará así mesmo que o acondicione, para garantir a seguridade das persoas que o empreguen no futuro.

3ª.- O concello de Guitiriz fará extensiva esta demanda a tódolos bens de Adif en desuso ou que non sexan imprescindibles para facilitar o tránsito ferroviario, tales coma almacéns en Parga e Guitiriz, xardíns ou as propias estacións que hoxe están pechadas e en estado de seme-abandono.

4º.- O concello de Guitiriz dirixirase ó Ministerio de Fomento, do que depende organicamente Adif para facerlle chegar estas demandas."

O voceiro do grupo BNG xustifica a urxencia da moción e di que non houbo contestación por escrito de Fomento.

A Sra. Alcaldesa di que isto leva tempo así e xa se pediu, e que non é unha moción de urxencia.

Sometida a votación a urxencia do asunto é aprobada por 7 votos a favor dos grupos PP, BNG, Independente-CG e concelliro non adscrito, e 6 abstencións do grupo PSOE, incorporándose ao orde do día da sesión.

Aberto o debate pola presidencia, o voceiro do grupo PP di que está de acordo, que permitan eso para aparcamento.

O concelleiro non adscrito e o voceiro do grupo Independente-CG din que tamén están de acordo coa moción.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

A Sra. Alcaldesa di que está de acordo e que leva loitando moito tempo, que o Concello non vai pagar un aluguer polos xardíns, e que din que en Parga venderían unha ponte, pero non todo, e que están esperando. Di que este asunto non é urxente.

Sometida a moción a votación foi aprobada por unanimidade.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Rogos

Voceiro do grupo PP:

1. Que se sigan lavando as beirarrúas.
2. Rogamos que se pinte a raia amarela ó lado dos bolardos, o carón do ferrocarril en Parga.
3. Rogamos que sen acendan as luces do Campo da Feira de Parga.

Concelleiro non adscrito:

1-Rogo que se solicite á subdelegación do goberno información e un calendario de actividades de manobras e prácticas de tiro no CMT de Santa Cruz, para polo menos poder informar á poboación das actividades que alí se realizan e esixir que se cumpran escrupulosamente as medidas de seguridade e que non ocorra ningún feito que despois podamos lamentar. Ante os graves feitos ocorridos o pasado 14 de decembro en que varios veciños escoitaron o asubío de balas por onde paseaban, no barrio de Embande (Pígara), onde ademais atopouse un proxectil do calibre 12/70 (duns 16 centímetros de longo) nunha palleira despois de impactar nun tractor alí aparcado. E digo o da gravidade porque esta munición utilízase nas metraladoras dos carros de combate e a súa función é trazadora, é dicir marca a traxectoria para asegurar o branco do obús que se lanzará posteriormente. Menos mal que foi un erro do tirador e que non tiña intención de facer diana na palleira ou no tractor. Pero analizando os feitos, e visionando un mapa cartográfico precisamente do exército, a distancia mínima entre o limite exterior do campo de tiro e a zona onde ocorreron os feitos hai mínimo 1500 metros, por tanto moi excedido o perímetro de seguridade. Creo que estamos en condicións de esixir como concello, que se tomen as medidas oportunas para que isto non volva ocorrer e que se informe como tal de todas as actividades que poidan supoñer un perigo para os veciños.

2-Rogo para que o departamento de medio ambiente deste Concello realice un informe e que se lea no próximo pleno sobre as verteduras que se están producindo desde as dúas depuradoras das áreas de servizo da autovía, xa que ambas están avariadas desde hai tempo. Todas esas augas sucias produto da actividade de

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

ambas as áreas están a acabar nos regatos próximos que desembocan no río Pardiñas e filtrándose nos terreos lindeiros.

3-Rogo que as actividades “do Nadal” se programen con maior antelación e que se de máis información. Ademais que teñan máis coordinación e comunicación entre departamentos do Concello. Xa que se solapaban actividades deportivas do propio concello coas outras actividades organizadas en Nadal, o que demostra esa falta de comunicación entre departamentos, coa consecuente pobre asistencia. O Martes 27 na gincana deportiva no pavillón asistiron 8 nenos e tres monitores, o mércores 28 aos inchables no pavillón foron 25 nenos. A viaxe en tren a Coruña non se realizou porque só se anotaron 11 nenos. Algo falla, falta de previsión e de información. Aínda por riba na cabalgata de Reis queixáronse os pais de que houbera moi poucos caramelos. Debe ser polos recortes do Sr. Montoro.

4- Rogo que se repoña canto antes a escultura de homenaxe a Antonio Novo falecido no Yakolev 42, agora que se reabriu o caso e como homenaxe do pobo Guitiriz ao seu paisano falecido en acto de servizo por culpa da negligente contratación do avión, a posterior e pésima xestión no recoñecemento e repatriación dos cadáveres por parte do ministerio encabezado polo Sr. Federico Trillo. E da mesma maneira rogo a restauración da escultura de homenaxe a Anxo Estraviz, militar falecido en xaneiro de 2007 nun accidente de helicóptero en Navarra.

5- Rogo que se coloque un punto de luz na baixada á nave do SEMPA, xa que os alumnos da escola de música que saen das devanditas instalacións pola noite teñen un tramo que deben realizar ás escuras co consecuente perigo xa que poden ser non vistos polos vehículos que circulan cara a esas instalacións.

6- Rogo que se comunique aos propietarios de casas en mal estado, que realicen as obras pertinentes para a súa restauración e así evitar perigos aos viandantes. E que o mantemento de fachadas e tellados non se soluciona só con colocación de redes, que no centro do pobo xa temos máis redes que toda a flota de arrastre da Coruña.

Voceiro do grupo BNG:

1ª.- Este rogo é de urxencia e rescate para Guitiriz, non podemos deixar que o noso pobo morra e agonice lentamente como está acontecendo día a día. O que está acontecendo co edificio Banco Pastor, na cas da Botica e moitas máis casas do casco urbano de Guitiriz non o podemos consentir, o goberno deste concello ten que deixar de mirar para outro lado e actuar xa, comunicando os propietarios dos edificios que están desatendidos, camiño da ruína ou xa en ruínas que os acondicionen e restauren e si non o fan sancionar os propietarios. O BNG solicita deste goberno que se inclúa e modifique o Plan Normativo Municipal para este ano 2017 e se cree unha nova ordenanza ou regulamento que sirva para protexer o deterioro das casas e edificios do Concello de Guitiriz.

2º.- Rogo para iniciar os estudos e xestión necesarias para a tramitación e aprobación, a través da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan. Incluír esta nova ordenanza no Plan Normativo Municipal para o ano 2018.

3º.- Rogo para que se arranxen as pontes de madeira da ruta da auga e se recubra o seu chan con malla metálica para evitar os esvaróns cando están molladas ou xeadas.

Voceiro do grupo Independente-CG:

1. Que se bacheen as carreiras do Concello que o necesitan, comezando polas que teñen máis furados.
2. Comprobar os edificios en ruínas e fincas con maleza con perigo de incendio, tanto no urbano como no rural, e se lles faga limpar as fincas e adecuar as edificacións.

Preguntas

Voceiro do grupo PP:

1. Vaise seguir coa tramitación para poder entregar as escolas a aqueles veciños/as que as solicitaron?

Sra. Alcaldesa: Está pendente unha, seguirase.

2. Houbo algún problema co aparcadoiro dos camións dentro do casco urbano?

Sra. Alcaldesa: Houbo unha reclamación por escrito.

3. Tomou posesión a persoa da Brigada Verde?

Sra. Alcaldesa: Si, pero está en período de descanso, comeza en o día 1 de febreiro.

4. Temos algunha novidade da Residencia?

Sra. Alcaldesa: Estamos esperando a aprobación do PXOM.

5. Canto lle custa o concello o da protectora?

Sra. Alcaldesa: 350 euros máis IVE por animal.

6. Temos todo o persoal do GES?

Sra. Alcaldesa: Si, a todos.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

7. Xa solucionou todo o problema que di que ten no telecentro coas chaves?

Sra. Alcaldesa: Non hai problema coas chaves, está en vías de solucionarse.

8. Vaillle dar as chaves as Asociacións?

Sra. Alcaldesa: Si.

9. Canto persoal ten agora mesmo no concello de baixa?

Sra. Alcaldesa: Teño que miralo, non moitos, lle contestarei no seguinte Pleno.

10. Para cando van a estar os presupostos?

Sra. Alcaldesa: Intentaremos que estean no mes que ven.

11. Xa lles ingresou os cartos as Asociacións?

Sra. Alcaldesa: Si, estes días.

12. Por que no se celebrou Santa Icíar?

Sra. Alcaldesa: Si celebrouse, outro día, con actividades bonitas.

13. As actividades diversas que dixo vostede no pleno anterior, invitou as agrupacións do concello?

Sra. Alcaldesa: Si, publicouse na páxina web

14. Como ten a Senda Verde? Pois non será polo que choveu este inverno.

Sra. Alcaldesa: Estase recuperando.

15. hai queixas dos veciños polos recibos de auga.

Sra. Alcaldesa: si, houbo problemas, lleuse tarde un trimestre e incrementouse ese recibo, estase solucionando.

Concelleiro non adscrito:

1- Poderíame indicar o custo do acristalamento do alpendre onde se sitúan as vendedoras de produtos hortícolas na praza do mercado?

Sra. Alcaldesa: Non sei, uns 12.000 euros máis IVE, subvencionado ao 100%.

2- Non cre vostede que ese acristalamento opaco quita visión e ten pouca sintonía estética co conxunto da praza?

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sra. Alcaldesa: Para min non, hai distintos gustos, o pedía a xente.

3- Estudouse outro tipo de alternativas con cristais transparentes para non pechar o campo de visión segundo se entra á praza polo seu lado norte?

Sra. Alcaldesa: Non, pareceu interesante facer unha homenaxe á xente que vendeu aí toda a vida.

4- Patrimonio deu o visto e praxe á obra estando a 50 metros da igrexa?. Hai algún tipo de informe que o demostre?

Sra. Alcaldesa: Supoño que si, pero agora non se o puido dicir.

5- Sábese algo dos autores dos actos vandálicos perpetrados no paseo do Boedo, Becín e na estrada que une Maríz e Parga, na que se cortaron varias árbores e sinalización de madeira na segunda semana de decembro?

Sra. Alcaldesa: Non, non comunicaron nada por escrito.

6- Que explicacións deu a Subdelegación do Goberno ante os feitos acontecidos o 14 de decembro no barrio de Embande (Pígara), en que varios veciños escoitaron o asubío de munición preto deles?

Sra. Alcaldesa: Recoñecen que foi un accidente.

7- O CMT (Campo de Manobras e Tiro) recoñeceu que había manobras con lume real e houbo algún tipo de accidente?

Sra. Alcaldesa: Foi unha bala que rebotou.

8- Teñen a seguridade os veciños de que a súa integridade física non corre perigo ante estas manobras que se realizan nas instalacións militares de Santa Cruz?

Sra. Alcaldesa: Nunca a temos, farán todo o posible, pero pode ocorrer en calquera lugar.

9- Que medidas cautelares se tomaron para que isto feitos non se volvan a repetir?

Sra. Alcaldesa: Si, tomaron medidas.

10- Podería indicarme o número de niños de avispa velutina retirados neste concello?

Sra. Alcaldesa: Moitos, en torno a 40 en todo o ámbito dos GES, en Guitiriz menos.

11- Empezouse a actuar en eliminar o plumacho ou plumón da Pampa?

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sra. Alcaldesa: Non.

12- Houbo algún tipo de actuación no lago do Barreiro que teñan coñecemento co tema da especie invasora da carpa negra?

Sra. Alcaldesa: Non, ningunha, non teñen programada ningunha, non hai risco segundo os especialistas.

13- Cal é a contía que se pagará por ano á protectora de animais de Xermade?

Sra. Alcaldesa: 3.600 euros ao ano, é o máis barato.

14- Hai cifra tope de animais de acollida?

Sra. Alcaldesa: 12, o resto a 350 euros por animal.

15- Se nacesen cachorros incluíriáanse na devandita cifra?

Sra. Alcaldesa: Cada cachorro conta.

16- Que se sabe do RPT que din que se está elaborando na Deputación?

Sra. Alcaldesa: Está en borrador, están antes outras RPT doutros concellos.

17- Como se atopa o tema da traballadora da Brigada Verde despedida?

Sra. Alcaldesa: Houbo un recurso e aceptouse en parte.

18- E a dos traballadores readmitidos por orde xudicial que pertencían ao GES e creóuselles unha nova ficha na RPT? Terán dereito a atrasos?

Sra. Alcaldesa: Pasarán aos novos postos cando se aprobe o orzamento. Non.

19- Recibíronse unhas axudas da Xunta por valor de 125.000 euros para arranxar o paseo do Boedo, a esollera de Santa Mariña e as melloras na rúa do río Forxá. Poderíame indicar a contía á que se dedicou a cada unha das tres obras?

Sra. Alcaldesa: Non estou segura, pero uns 22.000 euros á esollera, uns 27.000 euros á rúa Rio Forxa, e uns 50.000 euros ao paseo de Boedo.

20- Como puido cometer ese grave erro Agalure sobre os datos de ludopatía do IES de Guitiriz?

Sra. Alcaldesa: Foi unha equivocación súa. Di que non o dixo, que chamou alguén e dixo que fixo un taller en Guitiriz, pero que non foron obtidos no instituto de Guitiriz.

21- Veñen dar charlas desinformados da realidade do noso pobo e despois do erro nos seus datos cunha leve desculpa todo se soluciona?

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sra. Alcaldesa: Foi un erro ao dar os datos.

22- Sábese porque arderon tres colectores na parroquia de Santa Cruz o 5 de xaneiro, foi un acto vandálico ou unha negligencia?

Sra. Alcaldesa: Non sei, en todos os sitios o fan.

23- A comida do día de Reis para uns 40 veciños que viven sós en Guitiriz, entendo que foi organizada polo Concello. Como foron convidadas esas persoas?

Sra. Alcaldesa: De varias formas.

24- Esa invitación foi realizada por persoal do Concello?

Sra. Alcaldesa: Dende os servizos sociais informouse.

25- Convidouse a todas as persoas que se atopan nesa situación ou se realizaron distincións?

Sra. Alcaldesa: Imposible chegar a todos, se dixo que transmitiran a información.

26- Ten pensado o Concello en asumir a rehabilitación da casa Habaneira Dos Vilares para o seu uso como local social?

Sra. Alcaldesa: De momento non, o GDR ten abertas subvencións no que pode entrar iso ou a casa de Díaz Castro, imos a mandar información a todas as asociacións.

27- Por que recibiron bastantes veciños o recibo da auga por duplicado?

Sra. Alcaldesa: Non sei, houbo erros, está corrixíndose.

Voceiro do grupo BNG

1ª.- Como está a situación dos expedientes abertos para restaurar a legalidade dos espazos públicos do veciño do Curro Vello e do veciño de Ansede.

Sra. Alcaldesa: Faltan informes xurídicos e técnicos.

2ª.- Sr. Alcaldesa, permíteo a ficha de Xavier Fernández Paderne polo equipo de sénior de fútbol sala. Cal é a situación actual do equipo sénior de fútbol sala, faise cargo o concello dos desprazamentos do equipo.

Sra. Alcaldesa: Xa dixen que ía a deixar de ser do Concello, non se fixo ningunha ficha. Non poden facer os desprazamentos que lles da a gana.

3ª.- Está reparada a fochanca do Pitero na Ruta da Auga.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Sra. Alcaldesa: Non, é unha das que máis custa, é difícil chegar.

4ª.- Sr. Alcaldesa, que pasou coa subvención concedida por AGADER para a mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias e que de 98.533,53 € para o concello de Guitiriz veu minorada a cantidade en 28.985,47 €.

Sra. Alcaldesa: AGADER obriga a facer proxectos con prezos altísimos e non deixan facer melloras. Fixéronse melloras dentro do ámbito con 3 regos, incorporándose no proxecto, e dixeron que si e aprobaron o proxecto, e ao final descontaron esa parte. Interpúxose un recurso de reposición e estamos dispostos a ir a un contencioso se non estiman o recurso.

5ª.- Quería que me explicara dúas facturas de reparacións do vehículo do concello con matrícula 30914-DRZ unha de 5.052,14 € do 1/10/2016 e outra de 4.264,81 € de un mes e medio despois do mesmo vehículo.

Sra. Alcaldesa: Son do camión do lixo, habería que mercar un camión novo.

6ª.- E certo que esta aberta a Casa Habanera pola tardes para a xente maior e xubilados para xogar as cartas.

Sra. Alcaldesa: Si, imos a intentar poñer en marcha a biblioteca con unha persoa do programa Depuemprego.

7ª.- Organizou o concello algunha viaxe para que os nenos dos colexios de Parga e Guitiriz fosen ver algún partido do club deportivo Lugo.

Sra. Alcaldesa: Si, en colaboración cos colexios e o club deportivo Lugo.

8ª.- Entendendo que Guitiriz é un dos concellos colaboradores no control da avespa velutina, e sabendo que o GES recibiu formación e equipamento (traxes, pértegas, etc..) a nosa pregunta é: estanse retirando os niños de avespa velutina de acordo ao protocolo establecido pola Xunta de Galiza?

Sra. Alcaldesa: Non sei como o fan os GES, son eles quen teñen a formación. A Xunta di varias formas de facelo. Teñen que seguir o protocolo.

Voceiro do grupo Independente-CG

1. Que pasa coas subvencións de 2016 para as asociacións?

Sra. Alcaldesa: Non sei, meteremos este ano as dúas, pero hai que ver como se distribúen.

2. Porque hai tantos xuizos que se perden polo Concello?

Sra. Alcaldesa: Son da súa etapa, así que non sei.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

E sendo as 22.30 horas e non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión pola presidencia, estendéndose a presente acta polo secretario co visto bo da Sra. Alcaldesa.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 Lugo. Tfno. 982370109. Fax: 982372178